

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 1 DE XULLO DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DE LA CONCEPCIÓN BURGO LÓPEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 24 de xuño de 2009.

- Acórdase a rectificación do erro material producido no acordo número 24/454, adoptado pola Xunta de Goberno Local do 17 de xuño de 2009, relativo á contratación da xestión do servizo público de regulación de aparcadoiros na vía pública (ORA) no Concello de Lugo. Recurso especial en materia de contratación interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local de adxudicación provisional, inadmisión.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión de licenza para parcelamento do predio matriz sito no núcleo rural Tradicional de Corral de Arriba-San Vicente de Pías e para o parcelamento do predio matriz sito no Polígono do Ceao.

Tamén se acordo a concesión das seguintes licenzas: para ampliación de explotación gandeira complementaria á actividade de vivenda rural en Castro Allfonsín, número 7, Parroquia de Saa; para construción de vivenda unifamiliar

na rúa Illa da Toxa; para escavación, muros de contención e estrutura baixo rasante para tres sotos, na praza da mina esquina rúa Xacinto Calvo, bloque 2, da Unidade de Actuación CS-7, parcelas 2A e 2B e para substitución da cuberta de vivenda unifamiliar tradicional illada, sita en San Pedro de Abaixo-San Pedro de Mera.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de Servizos extraordinarios por persoal adscrito a Licenzas e da aprobación da forma de compensación.

Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por un Técnico Medio e un Traballador Social e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a revisión de prezos para o período comprendido entre o 14 de decembro de 2008 e o 13 de decembro de 2009, para a actualización do contrato administrativo suscrito coa entidade, encargada do servizo de mantemento dos sistemas de procesamento en clúster e granxa de servidores do Concello de Lugo.

Acórdase a prórroga do contrato administrativo suscrito coa empresa, encargada do servizo de prestación das actividades de información turística deste concello, polo prazo dun ano, contado dende o 30 de xuño de 2009.

Acórdase a prórroga do contrato administrativo suscrito coa empresa, encargada do servizo de transporte de usuarios ó centro de día municipal “Antonio Gandoy”, polo prazo dun ano, contado a partir do 14 xullo de 2009, ou prazo inferior ata a adxudicación dun novo contrato.

Acórdase a revisión de prezos das tarifas de consumición, correspondentes á explotación do servizo de cafetería anexa ó Centro Social Municipal de Fingoi, para o período comprendido entre o 4 de maio de 2009 e o 3 de maio de 2010.

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09extractoxg28.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 1-7-2009

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación da subministración, instalación, reinstalación e mantemento dos xogos infantís, pavimento continuo de seguridade, valado e carteis indicativos no xardín existente na praza da Fonte dos Ranchos do Concello de Lugo e da apertura do procedemento de contratación.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación das obras de pavimentación e servizos do espazo público entre o campo de fútbol do Pombal e a N-VI e da apertura do procedemento de adxudicación.

Así mesmo, acordase a aprobación do proxecto e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación das obras de pavimentación e servizos na rúa Flor de Malva. Terminación e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a corrección de erro producido no acordo da Xunta de Goberno Local núm. 14/398, na sesión celebrada o día 3 de xuño de 2009, polo que se procedeu á adxudicación provisional da contratación da docencia especializada dos cursos de formación no marco do proxecto “Lugo, Emprego Activo”.

Do mesmo xeito, acórdase a elevación a definitiva da adxudicación provisional para a contratación da execución das actividades de ensinanza deportiva e outras complementarias nas escolas deportivas municipais.

Tamén se acorda a aprobación da prórroga do Convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e a Axencia de Ecoloxía Urbana de Barcelona.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a modificación do contrato administrativo de intervención e pedagóxico “Aprende Xogando”.

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09extractoxg28.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 1-7-2009

- Acórdase a encomenda de xestión a EVISLUSA para a redacción do proxecto de demolición e reposición ó estado inicial das obras feitas en Tolda de Castela sinaladas no expediente de infracción urbanística 137/02.

Lugo, 1 de xullo de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Doposo García